

A MONARQUÍA HISPÁNICA NO S. XVI

1.- Precedentes. Os Reis Católicos.

Isabel de Castela e Fernando de Aragón contraen matrimonio en 1469. Este feito supón a unión dinástica das dúas Coroas peninsulares. Innda así, cada territorio mantén a súa independencia (institucións, leis, costumes, moeda).

1.1.- A imposición do Estado Moderno.

Durante o seu reinado case non se convocan as Cortes, e sométese á nobreza e o clero.

Refórmase a administración. Créanse as Audiencias ou Chancillerías, que funcionan como tribunais de Xustiza. A primeira é a de Valladolid (1371). Isabel a Católica divídeala e crea a de Cidade Real (1494), con xurisdicción ao sur do Texo; no 1505 trasládase a Granada. A de Galicia créase en 1480.

En Aragón, cada territorio ten unha Audiencia propia.

Os Correxidores, con xurisdicción municipal ou provincial, teñen funcións políticas, económicas, militares, xudiciais, etc.

Tamén se moderniza o exército coa creación dos terzos reais (profesionais voluntarios).

Completan a unificación territorial coa conquista de Granada (1492) e a incorporación de Navarra (1512).

Buscan a unidade relixiosa (Tribunal da Santa Inquisición, 1478).

1.2.- Expansión territorial.



2 El fin de la reconquista y la expansión mediterránea y atlántica.


2.- Os Austrias Maiores.

No S. XVI aparece a figura dos secretarios reais, que aconsellan ao monarca en diversos campos, e os Consellos (Gobernos propios de cada territorio).

Os distintos estados baixo a soberanía dos Austrias conservan a súa independencia, e un vicerrei representa ao monarca en cada un deles.

2.1.- Carlos I (1516-1556)

Herda diversos territorios dos seus avós.



- Política interior.

Á súa chegada en 1517, o seu obxectivo é acadar o Imperio en Alemaña, para o que solicita impostos extraordinarios.

Ante isto, prodúcense revoltas internas, entre as que destacan a das Comunidades en Castela (1520-1521), na que os seus líderes, Bravo, Pacheco e Maldonado, son derrotados en Villalar, e as Xermanías de Mallorca e Valencia (1519-1523).

- Política exterior.

Gaña o Milanesado fronte a Francia, recoñecido polo tratado de Cateau-Cambresis (1559).

Tamén se enfrenta aos turcos no Mediterráneo.

Os Estados Alemáns logran a liberdade relixiosa pola paz de Augsburgo (1555).

2.2.- Felipe II (1556-1598)

Na súa herdanza non entran os territorios do centro de Europa. A cambio, incorpora as Illas Filipinas e Portugal (1580).

- Política interior.

Ten lugar a rebelión dos mouriscos (1568) fronte ás presións para abandonar a súa relixión. Son duramente reprimidos.

A rebelión en Aragón (1590) polo escaso respecto aos seus foros propios ten o mesmo final.

- Política exterior.

Derrota a Francia na Batalla de San Quintín (1557), o que pon fin ás pretensións francesas sobre Italia.

Derrota aos turcos na Batalla de Lepanto (1571).

É derrotado por Inglaterra (fracaso da Armada Invencible, 1588), que apoia a sublevación dos Países Baixos.

3.- Conquista e colonización de América.

É un proceso rápido que se desenvolve na primeira metade do S. XVI, grazas á superioridade militar dos conquistadores. As loitas internas e as crenzas relixiosas dos pobos precolombinos contribúen ao dominio hispano.

Os conquistadores son particulares na procura de fortuna. A Coroa concédelles capitulacións (permiso para iniciar unha expedición de conquista) e dita Reais Instrucións (normas de actuación).

3.1.- Fases.

Nunha primeira etapa prodúcese a conquista dos grandes Imperios. En Norteamérica, Hernán Cortés conquista o imperio azteca tras facerse co control da súa capital, Tenochtitlán. En Sudamérica, Pizarro conquista o imperio inca, tras ocupar Cuzco e asasinar a Atahualpa.

Na segunda etapa complétase a conquista do resto de Sudamérica, agás Brasil, e Centroamérica. Tamén se conquistan as illas Filipinas (1571).

3.2.- Administración e economía.

O territorio das Indias incorpórase á Coroa de Castela.

Créase o Consello de Indias como goberno deste espazo, que se encarga de ditar as Leis de Indias.

Inicialmente fórmanse dous vicerreinados: Nova España e Perú. Cada un divídese en Gobernacións, e dentro delas fórmanse cabidos ou municipios, e Audiencias para a administración de xustiza.

Na economía destaca a explotación mineira e a obtención de metais preciosos (prata de Zacatecas e Potosí). A explotación desenvólvese a través do sistema da mita.

A agricultura e a gandería tamén son actividades importantes, con grandes explotacións controladas polos encomendeiros.

Ademais, impónse o monopolio comercial coa Casa de Contratación de Sevilla (1503). Desde América chegan novos produtos como o millo, a pataca, o tomate, o pemento, o cacao, o tabaco, etc. Isto dá lugar a unha mellora na alimentación polos altos rendementos e a rápida adaptación deses produtos, principalmente do millo e da pataca.

3.3.- Consecuencias.

Para os colonizados son negativas: alta mortalidade polo traballo forzoso e as enfermidades introducidas polos europeos (gripe, varíola). Ocupan postos baixos na pirámide social, sometidos aos conquistadores. Perda da súa cultura e dos seus sistemas económicos tradicionais.

Para os colonizadores, en xeral, son positivas: obtención de recursos económicos que permiten manter a hexemonía en Europa no S. XVI. Desenvolvemento do comercio. Impulso para a cartografía, a xeografía e a bioloxía. Emigración, o que dá saída á presión demográfica europea, cunha poboación en continuo crecemento. Inflación, coa subida de prezos pola abundancia de metais preciosos.

4.- Modos de vida.

Para a nobreza, a súa vida xira en torno ao concepto do ocio. Consideran indigno calquera traballo manual, e adócanse a vivir de rendas. Viven en pazos e colocan os seus escudos nas fachadas.

No interior diferéncianse varios espazos: de respecto, na entrada da casa; de cumprimento, adicado ás visitas; e de cariño, cos cuartos íntimos.

Pola súa banda, os campesiños teñen casas modestas de dúas prantas; na inferior están a cociña e os almacéns, e na superior os dormitorios.

As clases populares urbanas viven en corralas, edificios de veciños en torno a patios.

5.- Manifestacións artísticas.

5.1.- Arquitectura.

Distinguímos tres estilos ao longo do S. XVI.

En primeiro lugar, o Plateresco (1500-1530), con formas góticas no interior, pero decoración profusa nas fachadas.

Síguelle o Purismo (1530-1560), que adopta plenamente o Renacemento procedente de Italia e implanta cambios decorativos.

Por último, o Herreriano (1560-1600), con formas simples e escaseza decorativa.

5.2.- Escultura.

As súas características básicas son o predominio de tallas de madeira policromadas (encarnados e estufados), o realismo e a temática relixiosa.

5.3.- Pintura. O Greco.

A obra dun dos pintores máis importantes da Historia da Arte en España caracterízase polas figuras alongadas, en posicións complexas; as composicións complicadas; unha luz irreal; cores predominantemente frías; temática fundamentalmente relixiosa.